



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA OITO DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E SEIS (21/2026)

Na Casa do Concello de Monfero, ás doce horas e cincuenta e catro minutos do día oito de xullo de dous mil vinte e seis, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen-se os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada para ese día ás doce horas.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

- 1.- Aprobación da acta da sesión do día 29 de xuño de 2026
- 2.- Aprobación da acta da sesión do día 30 de xuño de 2026
- 3.- Corrección do acordo adoptado ao punto 4º da sesión do 29 de xuño de 2026
- 4.- Aprobación dos padróns fiscais do SAF do mes de xuño de 2026
- 5.- Expediente de contratación da obra incluída no plan de Actuacións en Camiños Municipais no período 2026-2027 do AGADER, nomeada Mejora pavimentación en las parroquias de Santa Xíá, Val Xestoso y Alto Xestoso (Tedec 2026/C003/000002).
- 6.- Xustificación de subvención nominativa
- 7.- Aprobación de certificación final de obras
- 8.- Contratos menores

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 29 DE XUÑO DE 2026

O Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello con anterioridade á convocatoria desta sesión, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, proclama que a acta da sesión do día 29 de xuño de 2026 se considera aprobada sen ningunha obxección.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 30 DE XUÑO DE 2026

O Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello con anterioridade á convocatoria desta sesión, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, proclama que a acta da sesión do día 30 de xuño de 2026 se considera aprobada sen ningunha obxección.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

3.- CORRECCIÓN DO ACORDO ADOPTADO AO PUNTO 4º DA SESIÓN DO 29 DE XUÑO DE 2026

O Sr. Secretario-Interventor informa de que se produciu un erro , no punto indicado, no reflectimento das aplicacións orzamentarias contra as que se cargarían os lotes do contrato que se adxudicou na dita sesión.

A Xunta de Goberno Local toma razón e, por delegación da Alcaldía, por unanimidade, acorda corrixir o dito acordo, adoptado ao punto 4º da sesión do 29 de xuño de 2026, de tal maneira que a táboa que consta no seu subpunto 2º, queda da seguinte maneira:

LOTES	EMPRESA ADXUDICATARIA	Detalle servizos	APLICACIÓN ORZAMENTARIA 2026 XULLO-DECEMBRO (50%)		
	IMPORTE ADXUDICACIÓN ANO COMPLETO (ive incluído)		APLICACIÓN	IMPORTE	
LOTE Nº 1: servizos para a organización e realización actividades/eventos deportivos (Orzamento 60.400,37€)	GALICIA EVENTOS Y OCIO SL	Balneario	231.22786	6.322,89	
		Concilia verán (1)	231.22796	6.033,00	
		Andainas	341.22787	660,42	
		Día bicicleta	341.22792	420,52	
	60.279,37	loga e pilates	341.22797	8.247,27	
		Esquí	341.22798	4.577,28	
		Patinaxe xeo	341.22799	359,25	
		Socorrismo	342.22799	3.519,06	
	(1).- Ráfting, Paseo kaiak, Equitación, Saídas: Parque acuático, Parque do Salto, Parque Multiaventura				
	LOTE Nº 2: Actividades/eventos para ocupar o tempo libre (Orzamento 8.989,14€)	GALICIA EVENTOS Y OCIO SL	Concilia Verán (cine e zoo)	231.22796	600,76
Nadal (atraccións)			337.22799	236,04	
8.929,86		Festa Reis	338.22794	1.886,37	
		Festa Entroido	338.22795	1.741,76	
LOTE Nº 3: Actividades /eventos de promoción da igualdade, mediante a conciliación e a convivencia para a integración e a formación. (Orzamento 32.627,95€)	AVANZA SERVICIOS ESCOLARES, S.L.	Andaina prev. VX	231.22788	712,11	
		Concilia Verán (2)	231.22796	5.385,54	
		Taller memoria	231.22799	1.312,30	
		Curso cociña	334.22790	2.112,48	
	30.734,00	Inglés	334.22790	1.609,85	
		Espazos familias	334.22793	1.609,85	
		Inform/robt/mecan	491.22799	2.624,87	
		(2).- Colaborar programación e coordinación, 3 monitores, 7 talleres, control asistencia, acampada polideportivo e festa clausura			
	LOTE Nº 4: Transporte para as actividades servizos para a organización e realización	EMPRESA GILSANZ, S.A.	Transporte:		
			Balneario	231.22300	1.794,25
		Concilia Verán	231.22300	3.917,50	

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

LOTES	EMPRESA ADXUDICATARIA	Detalle servizos	APLICACIÓN ORZAMENTARIA 2026 XULLO-DECEMBRO (50%)	
actividades/eventos deportivos, para ocupar o tempo libre (Orzamento 14.333,00€)	12.859,00	Esquí	341.22300	717,75

4.- APROBACIÓN DOS PADRÓNS FISCAIS DO SAF DO MES DE XUÑO DE 2026

O Sr. Secretario-Interventor da conta dos padróns fiscais aos que se refire este punto da orde do día, elaborados pola Intervención sobre a base dos informes previos da Sra. Traballadora Social, e da proposta de acordo da Alcaldía que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación referida, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado con este punto:

“PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

Logo de examinar os padróns fiscais do prezo público polo servizo de axuda no fogar que se indican a continuación, que constan asinados dixitalmente no correspondente expediente electrónico, elaborados polo Secretario-Interventor a partir dos correspondentes informes da Sra. Traballadora Social do Concello, que tamén constan asinados dixitalmente no correspondente expediente electrónico, e demais documentación relacionada con estes.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1.- Aprobar os padróns fiscais de prezo público do Servizo de Axuda no Fogar do mes de xuño de 2026, dependencia e libre concorrência, elaborados pola Secretaría-Intervención do Concello, cos importes, usuarios, e demais datos que constan neles e que se reflicten na táboa que aparece a continuación:

INICIAIS 1ª PERSOA USUARIA	INICIAIS ÚLTIMA PERSOA USUARIA	TOTAL PERSOAS USUARIAS	MODALIDADE SERVIZO	IMPORTE
BNMA	VGJA	33	DEPENDENCIA	2.856,13 €
ALFI	VDL	28	LIBRE CONCORRENCIA	884,18 €

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

2.- Expoñer ao público os devanditos padróns fiscais, mediante anuncios a publicar no B.O. da Provincia e no taboleiro de anuncios electrónicos municipal, por prazo de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no BOP, para que os interesados poidan examinalos no Concello e presentar as reclamacións que consideren convenientes. Con dito anuncio notifícanse colectivamente a todas as persoas contribuíntes incluídas neles, as liquidacións que conteñen, conforme autoriza o artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3.- O prazo de cobro, en período voluntario, será de dous meses, segundo o artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, contados desde o día seguinte ao desta data de aprobación do padrón fiscal pola Xunta de Goberno Local, e, transcorrido este, procederase a esixir os xuros de mora e as recargas que procedan segundo os artigos 26 e 28 da nomeada Lei xeral tributaria e, se fora o caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

Canto ao lugar de ingreso e modalidade de cobro, de acordo co previsto na Ordenanza fiscal municipal reguladora deste prezo público, será mediante domiciliación bancaria. Os recibos enviaranse para o seu cargo nas contas bancarias designadas polas persoas contribuíntes entre os días 10 e 12 de agosto de 2026.

4.- Contra este acordo e as liquidacións aprobadas, os/as interesados/as poderán interpoñer preceptivamente recurso de reposición, perante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao de finalización do período de exposición pública dos correspondentes padróns, que se entenderá desestimado se non se resolvera de maneira expresa no prazo dun mes, e, contra o seu rexeitamento, recurso contencioso administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde a notificación da resolución do recuso de reposición, se é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza a desestimación presunta se non o fose.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación do Pleno da Corporación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

5.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA INCLUÍDA NO PLAN DE ACTUACIÓN EN CAMIÑOS MUNICIPAIS NO PERÍODO 2026-2027 DO AGADER, NOMEADA MEJORA PAVIMENTACIÓN EN LAS PARROQUIAS DE SANTA XIÁ, VAL XESTOSO Y ALTO XESTOSO (TEDEC 2026/C003/000002).

O Sr. Secretario-Interventor dá conta da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, corrixida por orde del, se transcribe literalmente deseguido, do proxecto, pregos, informes e resto da documentación que, como a dita proposta, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec que se indica neste acordo:

"PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

EXPEDIENTE CONTRATACIÓN 2026/C003/000002, OBRAS FINANCIADAS POLO PLAN ACTUACIÓN EN CAMIÑOS RURAIS 2026/2027, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 de España

Logo de ver a Resolución da Dirección Xeral de Agader, do 18 de xuño de 2026, de concesión de subvención por importe de 82.378,04€, ao abeiro da Resolución do 30 de decembro de 2025, pola que se aproban as Bases reguladoras e convocatoria das axudas para actuacións en camiños rurais 2026-2027, acordos anteriores dos órganos de goberno deste Concello, informe de fiscalización e restante documentación deste expediente núm. 2026/C003/000002, e considerando, á vista das características do contrato, que o procedemento aberto simplificado, co prezo máis baixo como único criterio de adxudicación, é o máis adecuado para efectuar a selección do contratista da forma máis acertada e vantaxosa na procura da mellor relación calidade-prezo e non tratarse de ningún dos contratos aos que se refire o art. 145.3. da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante LCSP);

Propóñolle á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- **Xustificar a necesidade de realizar a obra** definida no proxecto técnico nomeado, "MEJORA PAVIMENTACIÓN EN LAS PARROQUIAS DE SANTA XIÁ, VAL XESTOSO Y ALTO XESTOSO", elaborado polo arquitecto, contratado para o efecto, Antonio López Rodríguez, por importe 82.686,00€ máis 17.364,06€ de IVE que fai un total de 100.050,06€, para dotar á veciñanza e demais usuarios das melloras que se describen detalladamente no devandito proxecto técnico, motivándoa polo mal estado no que se encontran as vías afectadas que, de seguir así, farían imposible a súa utilización e a prestación do servizo mínimo obrigatorio correspondente, resultando idóneo o obxecto e contido do proxecto para satisfacela.

2.- Aprobar definitivamente o devandito proxecto

3.- Non aplicar a división en lotes polos seguintes motivos e consideracións relativas ás súas circunstancias e ás consecuencias que suporía para o Concello:

1. A división en lotes tería un importante custo económico para o concello e implicaría unha maior dedicación do seu persoal técnico e administrativo, pola necesidade de redactar documentos técnicos independentes para cada lote que servisen de base á licitación coa seguridade xurídica necesaria para definir con exactitude o obxecto do contrato.
- ☐ Aínda que no proxecto inclúen distintos orzamentos parciais ou partes que poderían ser adxudicadas por lotes, moitas veces existen partidas comúns a todas elas, como son as relativas a seguridade e saúde, a control de calidade, a xestión de residuos, e outros conceptos cuxa aplicación aos distintos lotes esixiría realizar novos cálculos nos novos documentos técnicos para a adxudicación en lotes.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

- ☐ Incrementaríase o número de expedientes de licitación que o concello tería que realizar, co conseguinte custo de tempo e de recursos persoais e materiais.
- ☐ A división en lotes suporía unha demora na adxudicación dos investimentos, e polo tanto na súa execución, pola necesidade de realizar, con carácter previo á licitación, tarefas técnicas e administrativas de división en lotes do proxecto e, como consecuencia, polo incremento do número de expedientes de contratación Concello.

4.- **Aprobar os pregos** de cláusulas administrativas particulares e anexos que haberán de rexer a contratación de dita obra mediante procedemento aberto simplificado cun único criterio de adxudicación: o prezo máis baixo, e publicalos na forma que se indica deseguido.

5.- **Aprobar o expediente de contratación** da devandita obra.

6.- **Proceder a súa contratación**, utilizando o procedemento aberto, establecido como de utilización ordinaria, xunto co restrinxido, polo artigo 131.2 da LCSP, neste caso simplificado por encontrarse dentro dos límites do artigo 159.1 da dita norma, e cun único criterio de adxudicación, de avaliación automática, relacionado cos custos: o prezo máis baixo.

7.- **Dispoñer a apertura do procedemento** convocándoo mediante a publicación de anuncio no perfil do contratante do Estado (<https://contratacióndelestado.es>), no que tamén se publicaran íntegros os pregos de cláusulas administrativas particulares, que inclúen o cadro de características do contrato, anexos, memoria xustificativa do contrato, o proxecto técnico e certificación do presente acordo. O prazo de presentación das ofertas polos licitadores será de 20 días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no perfil do contratante.

8.- **Aprobar o gasto** correspondente, autorizándoo con cargo a aplicación orzamentaria 453.2641.61100.

9.- Actuará como mesa de contratación a **Mesa de Contratación** da Xunta de goberno local do Concello de Monfero, nomeada polo Pleno da Corporación mediante o seu acordo do 19 de xullo de 2023 e publicada a súa composición no *BOP núm.14*, do 03/08/2023.

10.- Facultar expresamente o Sr. Alcalde en funcións para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

6.- XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

O Sr. Secretario-Interventor da conta do expediente tramitado, da documentación xustificativa achegada pola entidade beneficiaria, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento, do informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico da aplicación Tedec :

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude e documentación presentada pola persoa interesada que se indica deseguido, xustificativa da aplicación da correspondente subvención nominativa do orzamento vixente do ano 2026, que é o prorrogado do 2025, para o financiamento dos gastos que tamén se indican deseguido, segundo o convenio asinado para o efecto, e as bases de execución do dito orzamento, así como a dilixencia de comprobación e informe de intervención de conformidade que constan debidamente asinados dixitalmente no expediente electrónico, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a xustificación presentada e que se proceda ao pagamento da subvención nominativa seguinte:

ENTIDADE	INICIAIS SOLICITANTE	OBXECTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
FÚTBOL CLUB MONFERO	MMG	Carpa actividade festiva fin tempada	1.200,00 €

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións,

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

7.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN FINAL DE OBRAS

O Sr. Secretario-interventor dá conta da certificación de obra que se indica máis adiante, da acta de medición final, do informe da Intervención con observacións e reparos, do resto da documentación do expediente e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como a dita documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico que se reflicte nela, e que se transcribe literalmente deseguido :

“PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN FINAL DE OBRAS

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Logo de ver a certificación final da obra presentada pola empresa adxudicataria das obras contidas no proxecto nomeado, PROYECTO REFUNDIDO 2 DE EJECUCIÓN DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO SOCIAL (mayo 2026), Financiadas con fondos del Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - Next Generation (PRTR). Nº expediente ITJ 2022/C187, o informe da secretaría-intervención con observacións e reparos, e o resto da documentación dos expedientes 2022/A008/000019 e 2025/C003/000002, e considerando que o investimento xa está realizado, que non haberá ningún inconveniente para obter a autorización do ITJ, porque se cumprirá con todas as súas condicións e requisitos, que as medicións son as que son e non superan a porcentaxe do 10% que permite a normativa reguladora aplicable, e que, doutro xeito, non se podería xustificar en prazo a subvención que financia as obras, co risco de perder o financiamento, ademais de que a falta de cumprimento dalgún dos requisitos esixidos non pode constituír impedimento para facer fronte a obriga de pagamento nin ocasionar o enriquecemento inxusto do Concello, e que, polo tanto, concorren razóns de interese público para a adopción dos acordos que se reflicten deseguido na parte dispositiva, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar a certificación FINAL da obra contida no PROYECTO REFUNDIDO 2 DE EJECUCIÓN DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO SOCIAL (mayo 2026), expedida por Jesús Pena Noya e Jesús Manuel Hermida Veiga, director de obra e director de execución, respectivamente, executada polo contratista, Sergonsa Servicios, S.L., por importe total 33.813,60€, xunto coa acta de medición xeral e factura.
2. Aboarlla ao contratista, SERGONSA SERVICIOS, S.L.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

8.- CONTRATOS MENORES

O Sr. Secretario-interventor dá conta da documentación deste expediente de contrato menor e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico que se indica a continuación, e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

Expediente contrato menor	
Órgano contratación	Xunta de goberno local
Número expediente:	2026/C003/000013
Tipo:	obras

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

<i>Obxecto:</i>	ACTUACIÓN DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NA LUZ PÚBLICA E DE REDUCCIÓN DA CONTAMINACIÓN LUMÍNICA E PROTECCIÓN DOS CEOS NOCTURNOS, segundo memoria técnica que consta no expediente
<i>Código CPV:</i>	45316100 Instalación de equipo de alumado exterior
<i>Orzamento base licitación:</i>	30.034,67€
<i>Prazo execución/entrega:</i>	20 días laborais (data límite 01/10/2026)
<i>Necesidade a satisfacer:</i> (art. 118.2 da Lei 9/2017)	O Concello ten a necesidade de contratar estas obras para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios materiais nin humanos propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor.
<i>Fins institucionais que pretenden satisfacerse (competencia municipal):</i>	Medio ambiente urbano: ... protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica (art.25.2.b) da Lei 7/1985)
<i>Financiamento:</i>	XUNTA DE GALICIA-Fondo de compensación ambiental 2026

Para atender a necesidade a satisfacer sinalada, é preciso contratar o obxecto reflectido, que é o idóneo para cubrir a dita necesidade de forma clara, directa e proporcional, resultando entón que a actuación que se pretende contratar é a adecuada para o fin perseguido.

O obxecto do contrato non é susceptible da súa división en lotes porque as obras comprendidas nel non teñen substantivade propia nin constitúen unha unidade funcional por si mesmas de forma independente, e son inseparables, de maneira que non é posible a súa execución separada ou a súa división tería como consecuencia a perda da economía e da eficiencia pola multitude de trámites engadidos que tería o expediente.

O Concello non conta con medios materiais propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor, o que acredita axeitadamente a insuficiencia de medios para a realización do obxecto do contrato e a necesidade da contratación dunha empresa externa para a súa realización.

A contratación que se pretende realizar non altera o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación. O obxecto do contrato trata de satisfacer unha necesidade puntual e non prevista e é único e non supón, por tanto, fraccionamento do obxecto do contrato. O seu valor estimado é inferior aos 40.000 euros.

Así pois, considérase que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente, é o máis axeitado pola súa simplicidade, axilidade, eficacia e economía de trámite e a reducida capacidade de xestión municipal, que dificulta a utilización doutros procedementos, inxustificadas tamén economicamente á vista da natureza e contía do contrato.

Polo exposto, propóñolle á Xunta de goberno local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Iniciar o expediente de contratación referenciado ao principio.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Segundo.- Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario conforme se explicou anteriormente e, polo tanto, que está xustificada de maneira motivada a necesidade da contratación.

Terceiro.- Informar que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos límites previstos na Lei 9/2017, cos argumentos expostos anteriormente.

Cuarto.- Que se emita informe polo Secretario-Interventor sobre os seguintes extremos:

1. Lexislación aplicable e procedemento a seguir para o contrato menor
- Órgano competente para contratar
- Existencia de crédito orzamentario e a súa adecuación

Quinto.- De existir crédito orzamentario suficiente e axeitado para o efecto, procédase a súa retención polos servizos de contabilidade e solicítase oferta as empresas que se sinalan, para que no prazo de 3 días hábiles, a contar desde o seguinte ao que reciban a invitación, presenten a súa oferta por medios electrónicos e conforme ao modelo que se achega como anexo, facéndolles saber que non se admiten variantes e que o único criterio de adxudicación será o prezo máis baixo.

Relación de empresas:

Electricidad Cruceiro, S.L

Hallmann Energie S.L.

Electricidad Permuy, S.L.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás trece horas e quince minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo.

O Alcalde en funcións

O Secretario